

SINGRADURAS

(Aproximación á estética dos xoves autores galegos)

A literatura galega vén acollendo, desde o comezo da década dos 90, a un bo número de autores que dan ó prelo as súas primeiras obras. Entre eles predominan os xoves -aínda que non faltan os que chegan á escrita dun xeito un tanto serodio explicado por factores individuais (cultivar outros xéneros, dedicarse á investigación, non chegar a publicar, etc.)- cunha vasta diversidade de propostas estéticas.

A produción narrativa manifesta, desde 1975, unha evolución lineal continua - máis ou menos densa e estable-, sen grandes saltos nin baleiros. Pola contra, a poesía -tras o *impasse* que se estende, aproximadamente, entre 1986-1990- amosa un desenvolvemento discontinuo en espiral con expansións e retrocesos constantes aínda que, nos últimos anos, gozamos dun período expansivo favorecido por múltiples causas e por ser o xénero *estrela* entre os novos creadores.

Malia a madurez acadada polo noso teatro e aínda que van aparecendo dramaturgos con obras interesantes e innovadoras -ata o punto de que se comeza a falar xa dunha "Promoción dramática dos 90"¹-, a escrita teatral non acaba de callar entre os novos e acostuma a facelo, agás contadas excepcións, en xentes xa vencelladas a este mundo como actores ou directores. É o caso de Cándido Pazó, Quico Cadaval ou Roberto Salgueiro.

Pola súa banda, o ensaio -considerando como tal o que posúe unhas características específicas² e non calquera manifestación non narrativa en prosa- é un xénero ausente entre estes autores, aínda nun período de formación intelectual. Porén é especialmente vizosa a dedicación dos xoves filólogos á crítica literaria como o demostran os libros que, deste teor, teñen dado ó prelo Armando Requeixo, Olga Novo, Marta Dacosta ou Rexina Rodríguez Vega ademais das colaboracións en revistas e xornais de Silvia Gaspar, Iris Cochón, Miro Villar, Helena González ou Xabier Cordal.

Ás veces, as figuras de poeta, narrador e crítico coinciden na mesma persoa - por exemplo, Fran Alonso- nunha fluencia intraxenérica que tamén responde á superación das fronteiras entre formas operada nos poemas narrativos de Antonio R. López en *Manual de masoquistas* ou na prosa fundamente lírica con que Henrique da Costa recrea en *Mar para todo o sempre*, ó xeito da novela histórica, a expansión portuguesa en ultramar.

¹ Vid. VIEITES, Manuel F.: "Entre el deseo y la precariedad", *Quimera*, 158-159, 1997, pp. 112-117.

² Seguindo os riscos enumerados por J.L. Gómez Martínez en *Teoría del ensayo*: tratamento subxectivo e asistemático de calquera asunto, vontade estilística sen seguir unha estrutura ríxida na súa exposición, carencia de exhaustividade científica e desenvolvemento parcial do tema a tratar.

O cultivo do relato curto, de tanta rendibilidade no noso sistema literario, segue a ser predominante entre os novos narradores que experimentan ademais os xéneros longos -algúns, Xurxo Borrazás ou Aníbal C. Malvar, de xeito exclusivo- e crean obras de difícil clasificación xenérica e estrutural. As formas lineais máis clásicas, cun único narrador normalmente omnisciente -como a utilizada por Xavier Manteiga en *Morrer na herba*-, conviven con disposicións complexas, fragmentarias e desordenadas que mesturan varias e simultáneas voces narrativas. Xurxo Borrazás opta por este método en *Criminal* para obrigar ó lector, ofrecéndolle múltiples perspectivas, a establecer quen é realmente vítima e verdugo do crime que conta. Neste sentido van tamén os xogos metaliterarios que o mesmo Borrazás ensaia en *Cabeza de chorlito* onde o escritor-protagonista ve como o seu personaxe lle impón a historia a contar e como estas inxerencias chegan a afectar á súa propia vida, tamén ela ficcional.

A renovación na linguaxe narrativa operada polos novos autores introduce no texto o coloquialismo e as xirias marxinais próximas ós ambientes urbanos que chegan agora ás obras. Deste teor son os relatos de *Cemiterio de elefantes* nos que Fran Alonso retrata os bairros baixos dunha cidade e os personaxes nocturnais que os percorren por afección, traballo ou necesidade. O lirismo tamén ten cabida na produción dos narradores actuais e deixa mostras como a prosa de Henrique da Costa en *Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias*.

En boa medida a innovación lingüística está ligada ó cultivo de subxéneros -novela negra e policial, erotismo, terror, etc.- que van chegando ás nosas letras. O xénero policíaco dá froitos como a *ópera prima* de Laura Caveiro, *Polas inmensas e alleas fortunas*, onde un detective -retratado topicamente- resolve un crime desconcertante, ou as novelas de Aníbal C. Malvar (*Un home que xaceu aquí*, *A man dereita* e *Unha noite con Carla*) que mesturan trazos policíacos con riscos de erotismo, denuncia social e novela negra. O terror nace dun sentimento opresivo de soidade absoluta en *Silencio* de Fran Alonso mentres que Lois Xosé Pereira explora unha liña reflexiva sobre o sentido da existencia humana en *A vida vexetal* e Ricardo Beiras retrata a esfera íntima e subxectiva nos relatos que compoñen *O rectángulo de sol*. A pegada dos medios audiovisuais está presente en Francisco Castro que recrea, en *Amor de cinema*, o declive dunha diva cinematográfica envellecida e derrotada. E, finalmente, a deformación dos moldes ríxidos da novela de vaqueiros e a súa mestura con trazos detectivescos e referencias anacrónicas á actualidade permiten a Isy New (é dicir, Isidro Novo) dar ó prelo un libro disparatado e hilarante: *Por unha presa de machacantes*.

Se a narrativa amosa formas plurais e diversas de abordar a escrita, a poesía decántase aínda máis pola experimentación cos modelos precedentes e con outros novos, posición favorecida polo dinamismo que vai acadando o espazo editorial nos últimos anos. Neste sentido a creación, en 1992, de Edicións Espiral Maior -que comeza publicando só poesía- marca un fito definitivo. Outras empresas ábreanse paseniño a este xénero con coleccións como "Ablativo Absoluto" (Xerais) ou "Leliadoura" (Sotelo Blanco) -recuperada recentemente tras un *impasse* de varios anos- e non só aumenta o número de premios poéticos senón que se axiliza a edición dos galardonados.

Os novos poetas aproveitan este clima favorable e dan a coñecer as súas primeiras obras: Xosé Pablo Bayo publica, en Espiral Maior, *Tempo de chover*, compilación de poemas brevísimos, intimistas, nos que a presenza do pequeno e anecdótico se liga a sentimentos universais de amor e tenrura. Estevo Creus, en *Poemas da cidade oculta* -un dos volumes primoxénitos da colección "Ablativo Absoluto"-, embárcase nunha viaxe iniciática ó fondo da balea que o transporta, expresada mediante imaxes simbolistas e disposición anárquica do texto. E "Leliadoura" dá a coñecer a Xavier Santiago quen artella un orixinal poemario: *Derrapa e cai*.

A este puxante movemento dinamizador hai que engadir a recente creación do selo Letras de Cal que edita poemarios a baixo prezo e foxe do filtro das librerías na súa distribución. Os volumes iniciais, *A primeira visión* de María Lado e *Propiamente son captivo* de Celso Fernández Sanmartín, veñen descubrir a unha autora inédita de obra rupturista e a un poeta pouco coñecido -por mor de recurrir á autoedición- que segue explorando unha liña naïf e minimal orixinada nun poemario anterior sen título. Dun xeito parecido a Letras de Cal traballan, desde 1989, as Edicións do Dragón que elaboran carpetas artesanais de tiraxes reducidas e sen periodicidade fixa. De momento teñen editado varios cartapacios colectivos e dous de autor individual, *No mesmo espacio* de Rafa Villar e *A teta sobre o sol* onde Olga Novo se dá a coñecer cunha escrita erótica enraizada no telurismo, sensual e libre de calquera límite ou tabú.

A un tempo os xoves van acaparando os galardóns poéticos malia ser só un, o Premio de Poesía Espiral Maior, especificamente dirixido a menores de 35 anos sen obra publicada. Este premio exerce un papel clave por canto ten descuberto a autores como Rafael Lema que amosa seguidismo manuelantoniano na concepción do mar en *Cemiterio das gaivotas*; Martín Veiga, explorador continuo da decadencia con alento clásico e elegante en *As últimas ruínas*; Francisco Souto con *As árbores do incesto* ou a vivencia do amor parella á comunión cunha paisaxe idílica; Cristina Cabada que recorre ó intimismo para percibir e integrarse no cosmos en *Sombra acesa*; Anxos Romeo optando por unha liña caótica e surreal en *A estatua*; ou Emma Couceiro deseñadora de ámbitos estrañamente opresivos cheos de *Humidosas* que encarceran ó eu poético na súa desolación vital.

Outro factor que axuda á difusión e coñecemento dos novos poetas é a súa xuntanza colectiva en asociacións e entes diversos encamiñados a potenciar publicacións de conxunto, celebrar encontros periódicos ou desenvolver un intenso programa de recitais. O máis importante hoxe en día, tanto cuantitativa como cualitativamente, é o Batallón Literario da Costa da Morte creado en 1996 e que integra a uns 40 autores, case todos poetas. Este colectivo desenvolve arredor duns 50 recitais por ano, ten contactos con organizacións parellas, organiza un Encontro anual de Escritores/as da Costa da Morte e acaba de dar a coñecer a súa primeira publicación antolóxica, *Nós*. Entre os membros do Batallón conviven algúns dos autores máis representativos hoxe en día (Estevo Creus ou os irmáns Miro e Rafa Villar) con figuras que xa comezan a sobresaír como Modesto Fraga, recente gañador dos premios O Grelo e Avelina Valladares, ou Mónica Góñez. A produción destes últimos -xunto con textos de Roberto Traba Velay, Alexandre Nerium e Xoán Alberte Moure Ínsua- pode verse no volume *De mar e vento*.

Miro Villar vén desenvolvendo unha obra poética enclaustrada nos límites das estrofas clásicas, sonetos -*Ausencias pretéritas*- e décimas -*42 décimas de febre*-, e que tanto explora temas universais (amor, dor, reflexión existencial) como indaga a pegada das artes sobre a literatura. Pola súa parte, Rafa Villar con cinco poemarios xa publicados oscila entre as reflexións metapoéticas de *Liques da memoria*, a liña amorosa que enlaza *O devalo do mar* e *No mesmo espacio*, a temática social da loita pola patria en *A sotavento dunha singradura* e a comunión coa natureza que garda os segredos da vida en *O tributo da tarde*.

Para alén dos feitos reseñados ata o de agora, o máis relevante nestes anos é o achegamento masivo da muller ó espacio da escrita poética. As autoras reivindicán a súa filiación coas "nais" literarias -Pilar Pallarés, Ana Romaní, Luísa Villalta, Xela Arias ou Luísa Castro entre as que se dan a coñecer nos anos 80 e Chus Pato ou M^a Xosé Queizán serodiamente chegadas á poesía nos 90- que abriron o camiño e comezaron a cuestionar os modelos patriarcais preestablecidos. As xoves poetas son anárquicas, radicais como o propio pensamento feminista que, en maior ou menor medida, as une. Rompen coas imposicións, reescriben os mitos clásicos, investigan unha liña erótica que desbota os tabús mentres buscan artellar un mundo propio construído cos alicerces dunha voz poética de variada gamma.

A escrita das autoras actuais devala entre modelos, mesmo antagónicos, que van do intimismo radical de Cristina Cabada en *Sombra acesa*, á cotidianeidade reflectida nunha linguaxe crúa e directa por Lupe Gómez en *Pornografía* ou á elegancia clásica nas imaxes e expresión da *Alta casa* de Helena de Carlos. A multiplicidade de rexistros tonais confere estilo propio a cada autora, tanto temática como formalmente. Así, cun texto traballado a xeito de ourives, Olga Novo rompe coa represión do erotismo feminino e redefine o concepto de muller perversa en *Nós nus*; Yolanda Castaño introduce no poema xirias e terminoloxías científicas para a expresión radical da cotidianeidade en *Elevar as pálpebras*; e Marta Dacosta liga a vivencia social da terra como patria oprimida coa reflexión metapoética sobre o poder da palabra en *Crear o mar en Compostela* e *Pel de ameixa*.

A experimentación lingüística é común ós novos creadores que chegan a sacrificar a riqueza léxica en aras da inmediatez e efectividade do discurso (por exemplo, *Devalar das esperas* de Emilio Xosé Ínsua), utilizan tecnicismos naturalistas para expresar o amor (como Ricardo Beiras en *Idolatría*) ou introducen nos textos termos urbanos propios do mundo reflectido por Fran Alonso en *Persianas, pedramol e outros nervios* -onde retrata a un ser alienado e depresivo- ou en *Tortillas para os obreiros* como forma de denuncia da opresión social. Ó mesmo tempo, os poetas devalan entre a individualidade expresada polo eu lírico -no tratamento de temas universais como o amor/desamor, o paso do tempo, a dor existencial- e a asunción por parte desta voz dun ton colectivo que busca implicar ó lector no compromiso con causas contemporáneas a el mesmo -ecoloxía, antimilitarismo, denuncia da marxinação- ou coa necesaria liberación da terra-patria (véxase *A sotavento dunha singradura* de Rafa Villar, *Este é o tempo do sal* de X.M. Millán Otero ou *Abandono da noite* de Manuel Xosé Neira).

A variedade formal en que se moven os xoves poetas lévaos a combinar a sinxeleza expresiva de textos mínimos, como os de *Várias* -obra de Ana Baliñas-, coas arquitecturas poemáticas máis complexas e o cripticismo culturalista de, por exemplo, Martín Veiga en *Tempo van de porcelana*. En xeral os textos son menos escuros e ábreñse ó lector buscando a súa integración total nos mesmos pois é el quen debe acabar de construír o poema, de aí a grande importancia que conferen estes autores ó feito de recitar en público. O versolibrismo triunfa rotundamente sobre as estrofas clásicas e non faltan propostas renovadoras na liña da vangarda como as de Manuel Cortés en *A rutina é o deber de todas as criaturas* ou as do extinto colectivo Ronseltz en *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*.

Atopamos na produción narrativa e poética dos xoves autores unha diversidade ampla de propostas estéticas, temáticas e formais que conforman un corpus rico e heteroxéneo. Nada mellor, pois, que navegar os diferentes mundos-singraduras que nos ofrecen: mergullarnos nos abismos abisais da cidade, nadar nas augas límpidas do intimismo radical ou resistir os maremotos da linguaxe máis crúa e caótica. De todo isto hai mostras no mar, infinito e inabarcable, dunha escrita que nunca manifestou tantos ronseis abertos sobre o seu lombo.

TERESA SEARA

A Freita, 11, maio 1998, pp. 24-29.